

OH! AYATOLLAH

Volve a canción protesta e volven Oh! Ayatollah, que desta vez presentan o seu primeiro Lp.

Nove cancións que se moven entre a enerxía new wave do primeiro sinxelo, que leva o título do disco: Volve a canción protesta, a delicadeza pop de cancións como Familia Política e o case punk de Pablo Callejo ou Eiei.

As letras seguen sendo pura apoloxía da xuventude, o amor e a frustración, sobre a vida entre amigos que nos dan asco (Case todo é o que parece) e festas que nos deixan a gorxa desfeita (Animal).

Volve a canción protesta

Oh! Ayatollah é un grupo de pop que naceu a finais de 2015 en Santiago de Compostela, da xuntanza de varias persoas que coincidiron estudando nesta cidade, todas cunha semellante sensibilidade no musical e con ganas de pasalo ben tocando.

En abril de 2016 sacan a súa primeira referencia, un EP de cinco cancións titulado: "Cancións por se non te quere xa". En novembro dese mesmo ano sae o seu videoclip "Mi Re La" (realizado polos irmáns Miranda), que levará o premio ao mellor videoclip na sección do xurado do Festival de Cans do 2017. A comezos de 2017 suben o seu video-single "Mi Re La / Nunca Máis".

Simultaneamente a todo isto, xiran sen parar por toda a xeografía galega, tendo actuado no I Festival do Leite en Santiago de Compostela, no Galegote Rock 2017 en Pontevedra, na Sala Mardi Gras da Coruña, na Festa Cidade Europea do Viño en Cambados, etc.

Actualmente están en proceso de presentación do seu primeiro LP, que verá a luz a comezos de 2018.

facebook: Oh Ayatollah
bandcamp: ohayatollah.bandcamp.com
instagram: @ohayatollah

Contratación:
info@tremendoaudiovisual.com
tremendoaudiovisual.com
629041750